



**NARÓN**

# CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o número de resolución  
Non utilizar

**Datos do Expediente:**

PROCEDIMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2018	CON12I1SS
2R3M1T4S2X4N5J1B0TG6	

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe da Sección de Contratación con data de 27 de novembro de 2018 en relación coa adxudicación do contrato do subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019, en cumprimento do disposto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP), no que se establece que:

Mediante resolución de alcaldía de data de 26 de outubro de 2018 se aprobou o expediente e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a adxudicación do subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal 2018-2019, por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, e así mesmo se procedeu a aprobar o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data de 26 de outubro de 2018 foi publicado un anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público co gallo de que os interesados presentasen as súas proposicións.

Visto que durante a licitación só presentou unha proposición a empresa Creaciones Luminosas SL.

Con data de 13 de novembro de 2018, a Mesa de Contratación permanente do Concello reúnese para proceder á apertura e cualificación do sobre A que contén a documentación administrativa presentado pola única empresa que concorre á licitación, empresa que resulta admitida. A continuación a Mesa procede á apertura do sobre B "Referencias técnicas non valorables automaticamente" e ordena a remisión da documentación ao servizos técnicos para a súa valoración.



Unha vez emitido o informe de valoración polo xefe dos Servizos Externos con data de 14 de novembro de 2018, a Mesa de Contratación na súa sesión de 15 de novembro de 2018 ratifica o devandito informe, que se acha no expediente para calquera interesado poida consultalo, e que lle outorga a puntuación de 26 puntos á oferta presentada por Creaciones Luminosas SL.

Nesta mesma sesión, a Mesa procede á apertura do sobre C relativo á documentación referente aos criterios avaliábeis de forma automática, no que se inclúe a oferta económica e no seu caso as melloras. A empresa presenta unha oferta económica de 53.650,00 euros (IVE excluído), valor ao que a Mesa lle outorga a máxima puntuación (30 puntos) ao tratarse da única oferta presentada, xunto coas melloras, polas que a Mesa lle outorga a puntuación de 18 puntos, o que fai un total de 48 puntos para a valoración dos criterios avaliábeis de forma automática.

Nesa mesma sesión, a Mesa acorda propoñer a adxudicación do contrato á empresa Creaciones Luminosas SL ao alcanzar a puntuación de 74,00 puntos e tratarse da única oferta e cumprir así mesmo cos requisitos dos pregos administrativo e técnico.

De conformidade co establecido no artigo 150 da LCSP requiriuse a CREACIONES LUMINOSAS SL con CIF B36351484 para que presentase a documentación xustificativa sobre a personalidade xurídica e capacidade de obrar, así como a representación, da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, non estar incurso en prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a acreditación de estar dado de alta no IAE do epígrafe correspondente.

Visto que esa empresa presentou a garantía definitiva por importe de 2.682,50 euros e os documentos xustificativos esixidos.

Así mesmo, o Concello comprobou de oficio, e con carácter previo á adxudicación deste contrato, o cumprimento das obrigas tributarias da empresa con esta administración (consta no expediente informe da Tesourería Municipal de data de 19 de novembro de 2018).

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade o informe proposta de adxudicación (CON12I1S3) polo departamento de Intervención de Fondos con data de 27



de novembro de 2018 (IGA12I0K8), esta alcaldía, en virtude das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da LCSP, vén RESOLVER:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato do "Subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019" á empresa CREACIONES LUMINOSAS SL con CIF B36351484, por un prezo de 53.650,00 euros máis 11.266,50 euros correspondentes ao IVE o que fai un total de 64.916,50 euros.

SEGUNDO. Deberá consignarse o crédito de 64.916,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0022 3380 22799 (A:220189000202) do orzamento municipal de 2019.

TERCEIRO. O pago do prezo efectuarase dunha soa vez cando sexa cumprido integramente o seu obxecto, requirirá a previa presentación da factura acompañada da acta de recepción e informes dos servizos Técnicos ou Administrativos que correspondan de conformidade co disposto na cláusula 27 do PCAP. A factura deberá conter os seguintes códigos de facturación:

Oficina contable LA0002628 Rexistro de facturas  
Órgano xestor L01150546 Concello de Narón  
Unidade tramitadora LA0002129 Servizos Básicos.

CUARTO. Notificar a presente resolución á empresa CREACIONES LUMINOSAS SL, adxudicataria do subministro, e citala para a sinatura do contrato. A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación.

QUINTO. Nomear responsable do contrato ao xefe dos Servizos Externos.

SEXTO. Publicar a adxudicación do contrato do servizo citado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346.3 da LCSP.

***Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)***